



### CONCELLOS

#### CASTRO DE REI

##### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial de suplemento de crédito número 1/2022.**

O Pleno do Concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 21 de outubro de 2022, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 1/2022.

O expediente permanecerá exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, perante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179.4, en relación có 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Castro de Rei, 21 de outubro de 2022.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3041

### FRIOL

##### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR E SUSTITUTO DO CONCELLO DE FRIOL**

De conformidade co ardo adoptado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 23 de setembro do actual, e á vista do vencemento do período de 4 anos de nomeamento do Xuíz de Paz titular e sustituto do Concello de Friol, faise pública a convocatoria dos mesmos que serán elixidos polo Pleno do Concello.

##### **Requisitos dos aspirantes:**

Ser español, maior de idade e aínda non sendo licenciados en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial e non estean incurso en ningúna das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas no desenvolvemento das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

##### **Prazo e lugar para a presentación de solicitudes:**

Quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no BOP, no rexistro xeral do Concello, ou por calquera dos medios a que fai referencia a Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento das administracións públicas. No suposto que non haxa solicitudes o Pleno do Concello elixirá libremente.

##### **Documentación:**

Os/as interesados/as, deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitude conforme ao modelo que se facilitará nas oficinas municipais.
- Certificado de nacemento e copia autenticada do DNI.
- Certificado médico acreditativo de inexistencia de impedimentos físicos ou psíquicos para o exercicio da función xudicial
- Certificado expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/80, no seu punto 1.a), referente a "se está inculpado ou procesado".
- Xustificación dos meritos que, no seu caso alegue o solicitante.

Friol, 20 de outubro de 2022.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 3042

## GUNTÍN

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,(Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 221 de 26/09/2022) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 20 de setembro de 2022, sobre expediente de modificación de créditos nº MC 12/2022, modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO por importe de 7.554,57€, como se indica a continuación:

#### INCREMENTO DE INGRESOS DO ORZAMENTO DE 2022

CONCEPTO	IMPORTE
870.00	7.554,57

#### INCREMENTO EN GASTOS DO ORZAMENTO DE 2022

ALTAS EN PARTIDAS DE GASTO	IMPORTE
454.619	7.554,57€
<b>TOTAL</b>	<b>7.554,57€</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 19 de outubro de 2.022.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 3043

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA ANEXO DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL 2022.

O Pleno do Concello de Guntín en sesión que se levou a cabo o día 20 de setembro de 2022, acordou a aprobación inicial da modificación do orzamento xeral do concello de Guntín para o exercicio económico 2022, para materializar o expediente administrativo G74/2022, no que se refire á materia de persoal, Anexo de Persoal laboral temporal de 2022 e o cadro de persoal de 2022 publicado no BOP de Lugo nº 20 de 26.01.2022. Durante o prazo de exposición ao público non se presentaron alegacións, queda automaticamente elevado a definitivo. O cadro de persoal resulta redactado nos seguintes termos:

#### A) PERSOAL LABORAL FIXO

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
01	Operario de Servicios Múltiples, asimilado AP
01	Peón de obras
01	Peón de Servizos Múltiples, asimilado AP (Vacante)
01	Limpador edificios, asimilado AP (Desempeñado por Laboral Temporal) (*) (* 1 praza en proceso de estabilización de emprego)

01	Administrativo
01	Informador Xuvenil
01	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
01	Traballador social
01	Encargado/a Punto de Atención á Infancia (P.A.I), Técnico Medio (Cuberto por interinidade) (*)
01	Persoal de apoio do Punto de Atención á Infancia (P.A.I) (Cuberto por interinidade) (*)

(\*) Consignación orzamentaria en Persoal Laboral Temporal.

#### B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
19	Auxiliares de Axuda a Domicilio (*3 prazas en proceso de estabilización de emprego)
01	Técnico de Explotacións Agrícolas (* 1 praza en proceso de estabilización de emprego)
02	Socorristas Piscinas
08	Brigadas de incendios e desbroces (de existir subvención)

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 20 de outubro de 2022.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 3044

## LUGO

### Anuncio

Aprobada inicialmente a conta de liquidación definitiva polo Consello Reitor da Xunta de Compensación do Polígono reparcelable nº 1 da unidade urbana 12 de Augas Férreas do PXOU de 1990 (URPI 2.R do PXOM vixente) na reunión celebrada con data do 18-10-2022, segundo certificación expedida polo seu Secretario con data do 19-10-2022 e presentada no rexistro xeral deste Concello tamén con data do 19-10-2022. Conforme ao previsto no artigo 279.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sométese a información pública polo prazo dun mes, durante o cal poderá ser examinada no Servizo de Urbanismo deste Concello (Ronda da Muralla, nº 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 20 de outubro de 2022.- A ALCALDESA, P.D. O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, (Decreto número 2973/2021) Álvaro Santos Ramos.

R. 3045

## RIBADEO

### Anuncio

Secretaría Xeral. 02

Expediente nº 2897/2022

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DUN POSTO DE FUNCIONARIO TÉCNICO DE XESTIÓN ECONOMICA.**

De conformidade co disposto nas Bases para provisión dun posto de traballo de funcionario Técnico de Xestión Económica, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes,

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local,

**RESOLVE:**

1º.Prestar aprobación á listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos que de seguido se relacionan:

**ADMITIDOS**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>OBSERVACIONS</b>
Bermúdez González, Pilar	Aporta CELGA
Díaz Alvarez, José Manuel	Aporta CELGA
Exposito Fernández, Diego	Aporta CELGA
Fanego Candía, Patricia	Aporta CELGA
Freire Rico, Silvia	Aporta CELGA
Fungueiriño Pazos, José Luis	Aporta CELGA
González García, Marian	Non aporta CELGA
Gonzalez Pazos, Paula	Aporta CELGA
Lage Gómez, Manuel Roberto	Aporta CELGA
López Moreira, Eva María	Aporta CELGA
López Pérez, Reyes	Aporta CELGA
Montes Lastra, Bibiana	Non aporta CELGA
Piñeiro Crespo, Lucía	Aporta CELGA
Ponte Reiriz, Iria	Aporta CELGA
Ramos Cuba, José Miguel	Aporta CELGA
Ramos Rega, Alma	Aporta CELGA
Rioja Míguez, David	Aporta CELGA
Rodríguez Prado, Luis	Aporta CELGA
Saavedra González, José Manuel	Non aporta CELGA
Santín Castro, Hugo	Aporta CELGA
Silva Sánchez, Carlos	Aporta CELGA
Suárez Alonso, Verónica	Non aporta CELGA
Suárez Expósito, Ignacio Ramón	Aporta CELGA
Vázquez Rodríguez, Cristina	Aporta CELGA
Vilar Reboeiras, Verónica	Aporta CELGA

**EXCLUIDOS****NINGÚN**

2º. Remitir anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao taboleiro de anuncios do Concello e á sede electrónica da web municipal: [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal), para que durante o prazo de dez días se formulen as alegacións ou correccións de erros que no seu caso procedan.

Acordouno, mándao e asinao o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica do que eu Secretario dou fe.

Ribadeo, 21 de outubro de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA, O SECRETARIO, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

R. 3046

**VIVEIRO***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de agosto de 2022 establece un novo prazo de un mes para a presentación de solicitudes de subvención para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro (Fase XVII). Este prazo comezará a contar dende a publicación do anuncio do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A presentación de solicitudes realizarase con arranxo ás Bases e á convocatoria publicadas no BOP o día 17 de xaneiro de 2020.

O número de actuacións e contías máximas da actual convocatoria, segundo figura no convenio e tendo en conta que as actuacións incluídas ata este momento, son as seguintes:

Área de Rexeneración e Renovación e Renovación Urbana	Actuacións	Achega Ministerio de Fomento	Achega Comunidade Autónoma
Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro	11	131.513,94 €	23.228,79€

Viveiro, 21 de setembro de 2022.- A Alcaldesa María Loureiro García.

R. 3047

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO****CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***Expediente: A/27/28733**

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 22 de Junio de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Granxa Grixeira S.C., la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,50 l/s de agua procedente de un pozo y una balsa situados en la parcela catastral nº 8 del polígono 13, en el lugar de Arneiro, parroquia de Goá (San Xurxo), en el término municipal de Cospeito (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 17 de octubre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3048

*Anuncio***Expediente: A/27/27460**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 11 de octubre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Productos Miño, S.L., la oportuna concesión para aprovechamiento de 1,66 l/s de agua procedente de 1 manantial sito en la parcela 47 del polígono 87, un pozo situado en la parcela 62 del polígono 87 y una captación en el río Asma, en el lugar de Abreal, parroquia de O Mato (San Xillao), término municipal de Chantada (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

Lugo, 20 de outubro de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3049

---